




Viveiro da palabra

CEIP Raquel Camacho (A Coruña)

Nº 2

curso 2007-08



SUMARIO

Debuxos de Ed. infantil

Comic de Ed. infantil

Encrucillados

Celebracións

Homenaxe a Xosé M^a Álvarez Blázquez

Medio Ambiente

Saídas escolares

Os Bolechas

Día da Paz

Refraneiro dos meses

Certamiño Poético

Galechisteando

Contos

Centenario de Curros Enríquez

Conto premiado "O meu amigo Antón"

Viaxe fin de curso

EDITORIAL

Ola, de novo, a todos e todas os que ledes ou traballastes no "VIVEIRO DA PALABRA".

Aparece por segunda vez grazas á colaboración de toda a comunidade educativa que participou cos seus traballos para poder elaborar esta nova edición.

Como xa sabedes é unha revista para: investigar, aprender, ler, colorear, pensar e sobre todo desfrutar con todas estas actividades interactivas.

Desexamos que sexa do voso agrado e que vos animedes para ir deseñando para o próximo número algún tema que consideredes interesante

**AQUÍ PODES ESCRIBIR AS TÚAS
OPINIÓNS DO NOSO XORNAL.**

**QUE CHE GUSTARÍA QUE HOUBESE E
NON HAI?** (escribeo aquí abaixo)



—
—
—

As flores de


Educación

Infantil


3 anos




"Rápido, dame a mochila".



onde vos, Ratiño Pérez




¿E quen é bara?




É unha nena do Raquel Camacho.

Vou á casa de bara




Pero se bara só ten catro anos.





Si, pero caeulle o primeiro dente.

Voulle deixar dous euros.



¡Que quai!



¡Chiss... está a durmir



chiss.




¡Mamá, mamá, mira o que me deixou o Ratiño Pérez



¡Que ben



AFLOR DE E.I. 4ºB



A Família

- + Pai,
- mãe
- + avô
- + avó
- + irmão
- irmã
- + curmán
- + curmá
- + tio
- + fillo
- + filla

M	S	L	O	L	L	I	F
N	R	I	R	M	A	N	R
A	V	T	X	V	P	T	S
M	T	I	O	X	T	P	A
R	S	R	I	A	N	M	O
U	R	A	T	S	M	X	V
C	P	M	F	I	L	L	A

Busca os nomes de parentesco



Carlota - Belén 4 años

CELEBRACIÓNS

DÍA DO LIBRO

O 23 DE ABRIL É O DÍA DO LIBRO PORQUE MORRERON DOUS ESCRITORES QUE SE CHAMABAN MIGUEL DE CERVANTES E WILLIAM SHAKESPEARE QUE ESCRIBIRON "DON QUIXOTE DE LA MANCHA" E "ROMEO E XULIETA" E MOITOS MÁIS.

DÍA DA PAZ

O 30 de xaneiro celebramos o día da Paz porque ese día morriu un home que lle gustaba moito a Paz e se chamaba Gandhi e axudaba a xente para que houbera paz no mundo.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O 17 de maio celebramos o día das letras galegas e lembramos a un escritor que escribía cousas en galego e escribía poesías para unha filla que el chamaba Colorín porque a nena nacera moi colorada.

Nos aprendemos algunha das poesías e son moi bonitas.

Completa coas palabras da
columna da dereita.

O año pitáno

vai no paraño

a cabuxa luxa

marchou onda a pausa

o gato cegato

luxiu no burato

Ocoello vello

anda no cortello

o gato ralo

rubiuse no valo

e a galiná tina

está na cocina

Anda, meniña,

déiscas estar

e imos brincar

cas cunchas do mar

mar

burato

cortello

paraño

cocina

bruxa

valo

ESTIRANDO VERSOS, CON XOSÉ MARÍA.

A ver, mamá,
a túa neniña que cocinará?

-Unhas lentellas e bolos de pan.

A ver, mamá,
a túa neniña que escribirá?


-Unha poesía para mandar.

A ver, mamá,
a túa neniña que pintará?

-O arco da vella que se veixa.

A ver, mamá,
a túa neniña que lerá?

-Un conto e mil ramos para vestir.



Clara
3ª A

A ver, mamá,
a túa neniña que cocinará?

-Unhas lentellas e bolos de pan.

A ver, mamá,
a túa neniña que escribirá?

-Un poema para publicar.


A ver, mamá,
a túa neniña que debuxará?

-Unha estrela reflexada no mar.

A ver, mamá,
a túa neniña que coñecerá?

-Tres países, sen parar.


Flor
3ª A



LECTURA NA CLASE

¿A todos vos gusta ler verdade?
Imos contarvos algúns dos libros que @s
alumn@s de cuarto curso temos todas xuntas
na clase


TÍTULO O MISTERIO DOS FILLOS DE LÚA
AUTOR FINA CASAL DERREY






TÍTULO O ESPATALLO AMIGO
AUTOR XOSÉ NEIRA VILAS



TÍTULO ¡AI! CANDO LLO CONTEA UXÍA
AUTOR FINA ROUCO



A PRENDO-A-RESPECTAR



DIA DA PAZ

Os nenos e as nenas do
"Colexio Raquel Camacho" celebramos o día
"DA PAZ"

Pasámolo moi ben. Fomos saíndo
por cursos cos profesores do patio. Cantamos
cancións, lemos poesías, saltamos globos con mensaxes
de Paz, fixemos murais, por certo o que fixemos
os nenos de 4º curso saíu na prensa.

Pedimos que paren as guerras
e a violencia porque a Paz fai melloras aos
homes e mulleres de toda o mundo. O ter Paz
somos máis felices.

Temos que facer o posible para non
pelexar entre nós e ser todos amigos sen importar
a idade, raza, costumes...

Despois fixemos voges, todos en paz
e pasamos un día moi feliz.

Reflexiona sobre o significado destas palabras:

TOLERANCIA

LIBERDADE

IGUALDADE

BONDADE

O Tren da Língua.

A miña saída preferida este curso foi o Tren da Língua de Caixanova porque nunca viuxara en tren e ademais o palloso Lolo apagaba as luces cando pasábamos por un túnel.

Tamén nos deron comida, unha mochila e unha caixa de cores.

¡ Dixertíme moito!

Ana. 3º A.

"O Mago de Oz."

A miña excursión gavorita foi ir ver "O Mago de Oz", ao Forum. ¡ Pareceu moi ben!

As personaxes eran persoas disgraçadas de can, de mena, de espantallo, de león, de robot e de Mago de Oz. Estaban nun escenario e pasaron cousas graciosas: O can mexeu no espantallo, a mena pegulle ao bruxo unha patada no cu... Nalgun momento da obra apagaron as luces para facer cambios no escenario.

Tamén me gustou cando nos gravaron ao principio e ao final da obra.

Diego. 3º A.

A MIÑA SAIDA PREFERIDA...

3º A.

"DO, RE, MI MOZART XOGA A QUI"

Hai algúns días que useu ao noso cole o Teatro Cachirulo a representar a obra "Do, re, mi Mozart xoga aquí". Contábanos a historia de Mozart (que foi pianista e violínista) un montón de moixotas. O que máis me sorprendeu foi que foron capaces de moverlas todas, só dúas persoas.
¡Gustouno moito!

Sabela.

O tren da lingua de Caixanova.

Esta saída foi a que máis me gustou pois era a primeira vez que ía en tren.

Os nenos e nenas que fomos no tren penso que o pasamos ben pois tivemos unha persoa tanto á ida coma á volta para que nos entretivera contando cousas e facendo monerías (chámase Lolo).

Fixemos unha parada en Betanzos e alí déronnos un Bollyca e un batido. Cando reñamos de volta regaláronnos unha mochila con unha caixa de pinturas.

Xa na estación reimos os títeres e despedímonos de todos.

Gabriel.

VISITA AOS BOMBEIROS

Os alumnos de 4º curso fomos visitar os bombeiros do concello da Coruña. De cantos cursos nos enteramos! Que ben o pasamos! Recibíronos e atenderonnos moi ben.

Pareceunos interesantísimo o labor que fan:

- Apagar os incendios, rescatar persoas ou animais en perigo, axudar cando hai accidentes de tráfico.

Explicáronnos todo o que hai que facer cando se produce un incendio:

- Na escola non poñernos a correr, facer caso aos profesores.
- Na casa, tirar cousas brandas pola ventá para chamar a atención.
- Poner toallas molladas nas ranhuras das portas.
- Ensiñáronnos: toda o equipo e material que usen no seu traballo.
- O traxe completo, o casco, os buseas, as botas.
- As ferramentas, os carrions interiores, de auxilio, etc.
- As alavancas, a barra de emerxencia, e as tenazas.
- E a manqueira! que guais! todos a utilizamos e simulamos apagar o lume.


Regaláronnos: calendarios e postais de bombeiros.

Voltamos, para a escola, pensando:

**QUE VALENTES SON OS BOMBEIROS!
BRAVO POLOS BOMBEIROS!**

Cuarto curso


HOMENAXE A XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ.



Pola fiestra anda o luar
a laiar
a aruñar,
a runxer,
coma un gatiño orfo
que non se quer deitar.

Anda, gatiño, fuxe,
que a nena xa durme...

Eu tamén,
son poeta.



Polo monte anda a lúira
a aluzear
a dar unha volta
a reman
coma unha lámpada
que non quere apagar.

Anda, lámpada, apágate xa
que a nena xa dormirá...

Meli.
3º A.

Polo deserto anda o camelo
a xantar
a xarobiar
a roncar
coma un intelisente camelo
que come larpelira, os cogomeles.

Anda, camelo, cala xa
que a nena xa está farta de te aguantar.

Brais.
3º A.



OS BOLECHAS

OLA, SOMOS OS BOLECHAS.

QUEREDES COÑECERNOS?

ESTAMOS NA BIBLIOTECA DO COLEXIO EN DIVERSAS COLECCIÓN.

VINDE POR ALÍ E PROCURÁDENOS NAS ESTANTERÍAS DE COR VERMELLA.

ÍDELO PASAR MOI BEN CON NÓS, SOMOS UN POUCO TRAVESOS PERO MOI BOS E SEMPRE AXUDAMOS.

ATÉ PRONTO.

Emilio Rafael Alvarado Ordóñez 2ºB


SOPA DE LETRAS

A ver se sabes quen de
atopar dez ríos da nosa
Comunidade Autónoma.


U	F	M	H	I	J	Ñ	L	J	K
M	M	N	L	E	K	O	H	H	I
J	P	Ñ	M	R	L	A	N	M	O
A	S	U	L	B	H	B	N	U	L
U	E	O	V	M	N	C	L	Z	D
J	T	P	U	A	N	L	E	B	C
O	O	Q	E	T	A	R	O	A	E
R	L	R	O	T	E	D	L	D	F
E	J	S	T	L	S	L	J	I	P
M	J	N	O	S	O	R	S	T	S

VISITA Á CASA DOS PEIXES

TIBURÓN TORO FERMOZA



TIBURÓN ANXELOTE



POLBO

TIBURÓN TORO GASTÓN



OS NENOS E NENAS DE SEGUNDO FOMOS ESTE CURSO DE VISITA AO ACUARIO QUE TAMÉN SE CHAMA CAIXA DOS PEIXES.

RECORREMOS TODAS AS SALAS E DESFRUTAMOS MOITO VENDO TANTOS PEIXES COÑECIDOS E NON TAN COÑECIDOS QUE HAI DABONDO.

TIVEMOS SORTE E TAMÉN VIMOS AS FOCAS COMER MOI ANIMADAS SEN TER NINGÚN MEDO AO BARULLO QUE FACÍAMOS TODOS OS NENOS E NENAS QUE ESTÁBAMOS POR ALÍ.

AQUÍ FIXEMOS O DEBUXO DOS QUE MÁIS NOS CHAMARON Á ATENCIÓN

DÍA DA PAZ



Todo o mundo a coñece,
 Pola pomba simbolizada,
 Pero a diario é esnaquizada,
 Polos gobernantes, polos poderosos...
 Nós tamén a tiroteamos,
 Cando non deixamos de insultar
 E aos compañeiros non perdoamos.
(Sabela Gómez Vilariño , 5º A)

Di si á paz, di non á guerra.
 A paz é fermosa
 E a guerra dolorosa.
 Para conseguir a paz fai falta
 Amar, perdoar e olvidar.
 Esquece os odios
 E convérteos en abrazos.
 Di si á paz, di non á guerra.
(Ilai Barbazán Vázquez, 5ºA)

Se no mundo houbera paz,
 A vida sería diferente.
 ¡Que feliz sería a xente!
 Se a paz existira,
 O mundo non tería fronteiras.
 Seriamos como irmáns,
 Todos collidos das mans.
 Berremos todos xuntos:
 ¡Queremos cambiar o mundo!
(Y. Viviana Barceló fernández, 5ºA)

Non queremos racistas,
 non queremos maltratadores,
 non queremos persoas
 que fan sentirse mal
 á xente boa.
 Só queremos un mundo en paz.
(A. Belén Carreira Mahía, 5ºA)

REFRANS DO CALENDARIO

Xaneiro

Cada día que pasa de Xaneiro, cada alb que perde o alleiro.

Febreiro

Febreiro Camisero, nin boa meda nin bo palleiro.

Marzo

Marzo marzoal, pola mañá coruña de rosas, e pola tarde cara de can.

Abril

Abril frío e mollado enche o culleiro e farta o gado.

Maió

Maió fai o trigo e agosto o viño.

Junio

En San Xoán a foice na man.

Xullo

En Xullo arder e' patacas coller.

Agosto

Agosto ardenteiro, herba no palleiro.

Setembro

En setembro, colle o viño e non durmas no camiño.

Outubro

En Outubro o teu pan cubre.


Novembro

Nos Santos neve nos altas. No San Andrés neve nos pés.

Decembro

Nadal mollado e xaneiro ben xeadó.

MEDIO AMBIENTE



COIDEMOS O MEDIO AMBIENTE



O DÍA 5 DE XUÑO CELÉBRASE O DÍA DO MEDIO AMBIENTE, DEBEMOS RESPECTAR O MEDIO AMBIENTE FACENDO SELECCIÓN DOS REFUGALLOS, NON CONTAMINAR E TER MOITO COIDAD COA AUGA E NON DESPERDICIALA

SE COIDAS O MEDIO AMBIENTE
COIDAS O TEU PATRIMONIO

CERTAMIÑO POÉTICO

Desde o noso patio
vemos moitas veces
o arco da vella
que sae no ceo.
Díxonos a profe
que ten sete cores
sabémolo todas e todos:
Xa somos maiores!

Edu. Inf. 5 anos





Mañán vai ser o meu
cupreanos,
E vou facer sete anos.
traeránme uns agasallos
que serán extraordinarios.

Uxía Morán López. 1ª

Estaba eu navegando polo mar
e púxenme a cantar.
Só tiven unha oportunidade
de pescar un peixe na tarde.

Paula Valentina Reyes Burgell. 1º B





Hoxe cando saín
fun ver o meu xardín
había moitas flores
e unhas poucas collín.

Ana Álvarez 2ª

Teño unha irmá
moi fermosa
e outra que é moi chistosa.
quérenme coidar
para que poida medrar.

Ismael Roukhamieh González 3º A





Miráronse aos ollos
con cariño de verdade
e fixéronse moi
amigos.
Que bonita é a
amizade!

Nerea Río Garrido 3º B

O certamiño poético
Temos que celebrar
e todas as persoas
se teñen que amar.

Claudia Castelo Lorenzo 4º A



Na miña escola axudámonos
as cores e os bolígrafos
prestámonos.
facemos moitas cousas:
Escribimos, coloreamos
E tamén estudamos.

Brais Valderrábano Codesal. 4º B

Galicia chea de turistas
Que veñen descansar
e non traballar
Ai Galicia! Como me gusta
A túa costa chea de persoas
de lindo corazón.
Fun , son e serei galego para sempre.
De verdade, Galicia é única.

Damián Castiñeiras Alvite 5ºA

Nunha bonita cidade,
había unha meniña
que tiña unha idade,
ben pequeniña
a nena tiña cinco anos
chamábase María,
e sempre estaba,
coa súa bonequiña.

Alejandra Souto Gómez.


5ºB

O verán, no verán,
vai moita calor.
A xente vai á praia
coa súa toalla
e o seu bañador.
A xente báñase no mar
comen moitos xelados
paseando pola rúa
cos días soleados.
Raquel Blanco Reino. 6ºA



As árbores queimadas,
xa non senten nada
xa están negros os
bosques
xa están negras as almas.
O lume queimou todo,
o lume non deixou nada.
Os paxaros non cantan
os paxaros xa marchan.
Galicia non está verde
Galicia non se apaga.

Victor Vigo Lage. 6º B

UN DIA NA PRAIA



ANGELA BEATRIZ





1.- COMO SE CHAMAN OS HABITANTES DE BELÉN?

Figuriñas... *o belenenses*

2.- QUE LLE DI UN ESPAGUETE AO OUTRO?

O meu corpo pide salsa...

3.- UN NENO ENTRA CHORANDO NA CASA:

MAMÁ, MAMÁ NA ESCOLA CHÁMANME MINTIREIRO!
NON CHO CREO!

4.- POR QUE OS PEIXES NON FALAN?

Para non tragaren auga...

5.- POR QUE OS DE LEPE NON TEÑEN O LEITE FRÍO?

Porque non lles colle o leite na neveira...

6.- QUE LLE DI UN CABLE AO OUTRO?

Somos intocables...

7.- PAPÁ, PAPÁ: PODO IR AO CINEMA?

Si, pero non entres...

8.- NUNHA CLASE A PROFESORA PREGÚNTALLE A UN ALUMNO:

A VER, A FRASE "EU BUSCO NOIVA" QUE TEMPO É?
Tempo perdido profesora, tempo perdido...

9.- UNHA MAZÁ CAEU DUNHA ÁRBORE E TODAS AS DE MAIS RIRON DELA.

Pero ela berrou: inmaturas! que sodes unhas inmaturas!...

10.- ISTO É XAIMIÑO QUE VAI Á ÓPTICA E DI:

UN PAR DE LENTES POR FAVOR?
E PERGÚNTALLE O VENDEDOR: PARA O SOL?
Non, para min...

GALECHISTEA TI AGORA

BRANCANEVES

Había unha vez unha nena chamada Brancaneves que tiña a cara branca coma a neve.

Morréalle a súa nai e unha mala pécora casou co seu pai.

Un día a madrasta mandouna matar e a pobre meniña tivo que escapar.

Chegou a un bosque solitario onde había unha casa con ananos.

Facía tartas, limpiáballes a roupa e un día chegou unha vella tola.

A vella deu-lle unha mazá á meniña e pronto quedou durmida.

Os ananos metéronna nun ataúde, como tanto a querían estaban o seu corazón noite e día.

Un día chegou un príncipe encantado bicouna, espertou e montouna no seu cabalo.

Casaron e levouna ao castelo e viviron felices por moito tempo.


Xosé María Álvarez Blázquez

Naceu en Tui o 4 de febreiro de 1915.

No ano 1930 publica os seus primeiros poemas en xornais de Pontevedra e Tui.

No xénero da narrativa infantil, este escritor narra cinco historias curtas sobre tesouros.

Colorea o escritor



EXCURSIÓN Á POLICÍA NACIONAL.


• O día 7 de maio fomos visitar á policía nacional. vimos a un can chamado Okis, que estaba especializado en buscar a droga. Para adestralos primeiro tirábanlle unha pelota ou un rodillo e cando o atopaban, no mesmo sitio poñían a droga. Despois leváronnos a unha sala e vimos un vídeo sobre, que era e que facía a policía nacional. Fomos á sala de tiro e un policía que estaba alí practicou. Tamén vimos os coches da policía, vimos como se poñía a sirena e falamos pola radio. Despois fomos ao museo onde había traxes de policía antigos e actuais, había a primeira cámara de fotos, catanas, armas, insignias e o mellor de todo a sala do crime onde había un home e unha muller mortos nunha oficina. Foi a excursión que máis me gustou.

Debuxa algo referido á policía.

ELIAS RODRIGUEZ FERNANDEZ 6ºB

Os TRES PORQUIÑOS

- Cada un fixo a súa casa con cemento, madeira e palla.
- Un lobo, lobiño, andaba buscando algo para comer e logo seguir andando.
- Descubriu os tres porquiños e foi facer uns bacadillos.
- Como non o deixaba entrar o lobo dotou por derrubala.
- O porquiño escapou á de madeira e o lobo propúxose derrubala enteira.
- O lobo soprou e soprou e a casa derrubou.
- Os dous porquiños escaparon á casa do maior e alí se percharon.
- O lobo soprou e soprou e a casa non derrubou.
- O lobo entrou na casa e queimouse nunha potina.

A FELICIDADE CONTA

Nicolás Kopp Fini, 5ª

Había unha vez unha nena chamada Sofía. Seus pais tiñan que viaxar moito porque a empresa na que traballaban destinábaos a diferentes países.


Sofía pasábao moi mal xa que tiña que cambiar de colexio, de amigos, de costumes moi a miúdo, pero non lle contaba nada a seus pais, porque os vía felices.

Tiñan o resto da súa familia en Uruguay.

Ao pasar o tempo, Sofía pensou en contarlle a seus pais o motivo da súa tristeza. Entón decidiron buscar un traballo no seu país de orixe e aínda que ganaban menos, podían estar sempre xuntos.

Sofía quedou moi contenta e desde ese día decidiu contarlle sempre a seus pais todos os seus problemas.

Yeniffer-Viviana Barceló Fernández, 5ª

O NENO PERSEVERANTE

Unha vez era un neno chamado Antón; seu pai estaba enfermo e el sempre o coidaba. A súa enfermidade só se curaba cunha operación especial que custaba moito diñeiro; pero a súa familia era moi pobre e non podía afrontar eses gastos.

O neno sen que a familia se enterase foi pedindo diñeiro pola rúa para reunir o necesario para dita operación; cando súa nai se enterou, preguntoulle:

-¿Que fas fillo?

-Fago o posible para conseguir o diñeiro suficiente para a operación de papá.

-Non hai nada que facer, filliño, son moitos cartos...

-Pero...

-Nada, déixao.

Pero o neno continuou pedindo polo barrio e conseguíu reunir todo o diñeiro.

E por fin realizáronlle a operación e o pai recuperouse e toda a familia estivo sempre agradecida ao barrio enteiro e foron moi felices.

Miguel Ángel Duque Hernández, 5º A



VISITA Á CRUZ VERMELLA

O dezaioito de xaneiro fomos de visita á Cruz Vermella.

Primeiro vimos a sala de control, aquí explicáronnos como controlaban ás persoas maiores que viven soas nas súas casas.



A continuación ensináronnos unha ambulancia, cos utensilios necesarios para uns primeiros auxilios a un ferido; tamén puxeron en funcionamento a sirena.

Por último visitamos a zona de día, onde veñen os maiores a pasar o día, para entreterse. Vimos o comedor, o ximnasio, os servicios...tamén os debuxos que pintaban, que por certo nos regalaron.

Con esta visita, ademais de pasalo ben, aprendemos a valorar o traballo dos Voluntarios da Cruz Vermella: **axudan aos máis necesitados.**

(Alumnos de 5º A)

A AUGA QUE BEBEMOS EN A CORUÑA



Este curso, os alumnos/as de 5º fomos de visita á Empresa de Tratamento de Auga Potable, que suministra a auga á cidade de A Coruña, situada na Telva (concello de Cambre).

Aquí explicáronnos o proceso que seguen desde que captan a auga que procede dos ríos Mero e Barcés, ata que está lista para beber:

- 1- **DESBASTE:** A auga atravesas unhas reixas que impiden o paso das ramas, das follas, botellas...
- 2- **DECANTACIÓN:** Despois de botarlle uns líquidos, as partículas de terra vanse ao fondo e a auga queda arriba.
- 3- **FILTRACIÓN:** A auga pasa por filtros de area para terminar de limpala.
- 4- **CLORACIÓN:** Bótaselle cloro para eliminar as bacterias.
- 5- Xa está preparada para ser bombeada cara A Coruña.



A continuación visitamos o **encoro de Cecebre**, onde está almacenada a auga que utilizan na Telva.

Puidemos observar algunhas aves coa axuda de prismáticos, como cormoráns, patos, lavandeiras... Vimos un cormorán coas ás estendidas sobre unhas ramas, secándoas ao sol; xa que as súas plumas non son impermeables.

Tamén nos dixeron que as lavandeiras (paxaros) chámanse así porque sempre estaban ao lado do río facéndolle compañía ás mulleres que antigamente ían lavar ao río.

Chamounos a atención un salgueiro que medraba no medio da auga.

Rematamos dicindo que debemos gastar soamente a auga necesaria e evitar tirar produtos tóxicos polos vertedoiros.

Alumnos/as de 5ºA

O M E U A M I G O A N T Ó N

Hoxe acompañei a Antón. Fomos ata a vila e achegámonos ao médico. Eu esperei sentado na porta, mirando como xogaban os rapazolos na praza. De volta, eu viña brincando, contento de ver xa como a primavera enche todo de cores e olores novos, as beirras dos carreiros están cheos de margaridas, as claudieiras e os pexegueiros están tamén cheos de flores e os cantos e chíos dos paxaros saúdannos durante todo o camiño. Agora que os días son máis longos, Antón terá máis tempo para min, e despois do traballo, aínda iremos ata o río. Eu séntome á sombra dos salgueiros e ameneiros mentres ollo como pesca. Antón é o meu mellor amigo, é a quen máis quero no mundo e el tamén me quere moito. Seino. Mesmo penso que Helena ten ciúmes de min, aínda que ela tamén me quere.

Estamos xa chegando á casa, pero Antón hoxe non falou en todo o camiño, non me contou nada, case nen me mirou. Estará anoxado comigo? Pois creo que hoxe porteime bastante ben. Chegamos. Fíxome un aloumiño e mentres eu quedaba deitado na herba, el entrou. Escoiteino falar con Helena. Falaron pouco tempo e despois, silencio. Ningún dos dous, saíu ata ben tarde. Fun con Antón recoller as vacas ao prado e cerrarlle as galiñas e aos outros animais, antes de que chegue a noite. Segue triste, eu xa non teño ganas de brincar, tamén estou triste. Á mañá seguinte, moi cedo acordo co ruído do coche. Os dous marchan nel. Non me gusta nada cando van de compras ou de visita á cidade e teño que pasar todo o día só na casa, máis alguén ten que coidar de todo isto. Iso é o que me di Antón sempre que teñen que marchar mentres se despide de min e faime cóxegas e acariñame. Á tardiña voltaron. Eu corro cara a Antón que me dá moitos bicos e agarimos. Eu tamén a el. Canto o quero! Canto os estrañei durante todo o día!

Os días da primavera van pasando e Antón cada vez sae menos da casa. Ás veces vou con Helena coas vacas ao prado, ou aos recados á vila. Fágoo para que non vaia soa, pe-

ro quedo máis contento preto de Antón. Teño que ánimo, que se poña outra vez ledos, que ría, que cante, que asobie, que me leve de pesca. El intentao, e algunha vez saímos dar un paseo pola eira e polo camiño ao redor da casa, fai que brinca comigo, pero eu ben me decato que non ten forzas e que está moi canso. O médico vén moito pola casa. Téñolle lei a este home. Vese que é bo, e ademais sempre ten unha lambonada para min. Cada día que pasa, Antón levántase menos da cama. Helena déixame entrar na casa e alí paso os días ao pé del.

Unha noite chegou o médico. As luces da casa estaban acesas. O médico marchou axiña, fun con el até o seu coche. Estaba moi apesado. Non entendo nada. Voltei á casa e escoitei a Helena chorar, quixen entrar pero a porta estaba pechada. Helena choraba e choraba. Pola mañá cediño, foron chegando os veciños, todos, ata o señor cura que nunca viña por aquí. Pedro, un deles, levoume para detrás da casa, algo alonxado, mais aínda así eu ben escoitei todo o balbordo que se formou durante todo ese día e esa noite. Moita xente andaba pola eira. Pero non vin nin a Antón nin a Helena. Aínda menos mal que Pedro me trouxo comida e auga. Veu con el o seu fillo pequeno, Iaguiño, que xogou comigo un bo anaco, pero eu seguía pendente da casa. Cada vez que alguén aparecía polo canto, pensaba, aí ven Antón, pero sempre era algún veciño que viña mirar o ben posta que estaba a nosa horta, ou botar unha mexadiña detrás das hortensias de Helena.

Á tarde, fíxose o silencio, todos calaron e marcharon seguindo catro homes que levaban unha caixa longa de madeira ás costas. Non vin a Antón por ningures. Só se oían murmurios e choros. Eu tamén chorei, e chamei a Antón, ata que os perdín de vista. Empezou a caer un orballo feble, tristeiro, que xa non parou en toda a noite.

Cando Helena voltou, veume buscar e entrei na casa con ela. Percorrina toda, pero Antón non estaba. Helena ficou dormida na randeeira que está ao carón da lareira e eu

aos seus pés.


Ao día seguinte tampouco veu Antón. Por que marchou sen min? Ás veces marchaba por uns días para ir pescar lonxe, a outros ríos con máis troitas, pero sempre me levaba con el. Cada día que pasa, estou máis triste, non teño ganas de saír, estou todo o día deitado á sombra. Xa vai moita calor, xa maduraron e xa os paxaros comeron todas as ceireixas que tanto lle gustan a Antón, mais el segue sen voltar. Helena chamou a Pedro, sei que falaban de min, porque non deixaban de mirarme, pero non lles entendo nada. Eu só entendo a Antón. Só con miralo xa sei o que quere, a onde imos, se está contento ou non. E el tamén me entende a min. Pero agora xa non me debe querer. Marchou e non volta. Pasan os días. Helena insísteime para que coma, mais eu non teño fame. Xa case non teño forzas para me erguer. Onte veu Pedro. Helena entrou na casa chorando. El apuntoume coa súa escopeta. Olleino e movín o rabo coas poucas forzas que me quedan. Pedro baixou a escopeta e marchou. Xa levo algúns días sen comer, non teño fame, só sono. Desde o alpendre vexo como caen as follas das árbores e como viran xogando co vento, pero xa non sen quen de correr detrás delas. Helena vén verme cada pouco. Tápame cun gabán vello de Antón que aínda está colgado no alpendre. Cheira a el. Só teño sono, moito sono... Helena acaríñame, e eu vou ficando dormido. Sono, sono, moito sono... Paréceme que alá ao lonxe, polo camiño ven Antón. Asobiame, chámame: Fusco, ven, toma! E eu corro, corro todo o que podo cara ao meu querido amigo Antón, e dun chimpo, tíroo no prado e arrolamos xuntos pola herba húmida do outono.

C. D. C

2º Premio Concurso Literario "NARRA BREVE 2008"



A AMIZADE

Os amigos
están para axudar
nas boas e nas malas
nunca te defraudarán.



Se algunha vez
Oves en perigo
Vai correndo e o teu amigo
el fará o mesmo contigo.

Os Meus amigos
son os mellores
non teñen gañadores.



NO CENTENARIO DE MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

Este ano celebrouse o centenario da morte do poeta galego Manuel Curros Enríquez, natural de Celanova (Ourense).


Foi un escritor moi comprometido, quere dicir que escribía cousas denunciando todo aquilo que lle parecía que estaba mal feito e que non respectaba os dereitos dos demais. Por este motivo, a súa vida foi algo complicada e marchou emigrado para Cuba. Alí morreu, mais cando pasou un tempo trouxeron os seus restos mortais para o cemiterio de Santo Amaro que xa sabedes que é o da Coruña. Alí repousan despois de que o pobo coruñés lle fixese unha grande despedida.

Para lembrar isto, este ano dedicáronlle moitas homenaxes e unha delas foi un libro que elaboraron o profesorado e o alumnado do Colexio Curros Enríquez, que é un colexio de aquí da Coruña.

No noso Colexio tamén lle fixemos unha pequena homenaxe e como xa vistes todos, expuxemos no taboleiro da entrada as poesías debuxadas por eses nenos e nenas.

SE NON AS LECHES, CONVIDAMOSTE A QUE TE
ACERQUES POR ALÍ E XA VERÁS COMO ALGUNHAS AS
COÑECES MOITO PORQUE SON POESÍAS ÁS QUE LLES PUXERON
MÚSICA E QUE CANTAMOS HAI MOITO TEMPO.

COPIA UNHA POESÍA DO AUTOR



VIAXE FIN DE CURSO

GRANXA DE MARCELLE

O martes 10 de xuño algúns nenos e nenas do colexio fomos de excursión á Granxa de Marcelle que está cerca de Lugo.

Foi un día moi divertido e emocionante.

Chamounos moito a atención que o portal da entrada da granxa parecía o de Parque Jurásico.

Mirade a de animais tan interesantes que vimos:



Wapitis, emuses, avestruces, serpes de cola vermella.

Crocodilos chineses, dromedarios, monos, cabras, lince, axis, mapaches, suricatas, bisontes, xabaríns, tartarugas, cabras, porcos vietnamitas, burros, cegoñasverdes, coellos, patos azulóns, ocas, cisnes, esquíos, e seguro que algúns máis que estarían durmindo.



Amplía os coñecementos dos animais que che resultan máis descoñecidos.

Excursionistas do colexio



Sabes que rúas saen nestas fotografías?. Escribeas

- | | |
|-------------------------|------------------|
| 1. Calle Barcelona | 2. Vista |
| 3. Calle Barcelona | 4. esende |
| 5. Calle de madalga (S) | 6. gote (sábado) |